
LIÑAS XERAIS ORZAMENTARIAS DO ANO 2019

Vicerreitoría de Economía,
Infraestruturas e Sustentabilidade

14 de decembro de 2018

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC do 11 de outubro de 2007 (DOG do 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. O ano pasado fíxose a programación plurianual orzamentaria 2018-19. Agora corresponde explicar en detalle as liñas xerais do orzamento para o próximo exercicio económico de 2019. O documento continúa cunha estrutura similar aos anos precedentes, se ben inclúense apartados novos e específicos para os campus de especialización, os programas de mellora da calidade, os programas de aforro e medidas para a mellora da xestión económica. Tamén se achega información sobre a evolución no período 2016-19 relativa ao fondo estrutural ou de resultados. Esta información adicional permite non só saber as variacións no período 2018-19, senón tamén obter unha visión global máis precisa da evolución do Plan de financiamento do sistema universitario galego que comezou en xaneiro de 2016.

Os contidos deste documento de liñas orzamentarias estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Plan de financiamento do sistema universitario galego: síntese
2. Contexto orzamentario
3. Principais fontes de financiamento do PFSUG no ano 2019. Comparativa respecto ao ano 2018 e evolución 2016-19
 - 3.1 Fondo estrutural
 - 3.2 Fondo de resultados
4. Síntese das principais fontes de financiamento do PFSUG no ano 2019 e evolución no período 2016-2019
5. Grandes liñas de ingresos e gastos do ano 2019
6. Tesouraría e dereitos pendente de cobro
7. Evolución de PDI e PAS
8. Campus de especialización
9. Programas de mellora da calidade
10. Programas de aforro e mellora da xestión económica
11. Conclusións

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2016-2020 (PFSUG 2016-2020)

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento da súa evolución e do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para a mellora da calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. A continuación, faise unha síntese dos principais contidos: obxecto e vixencia, a estrutura dos fondos, os principios de funcionamento e seguimento.

PFSUG: Principais características

a) Obxecto e vixencia

O obxecto do Plan de financiamento é establecer un marco de financiamento para todo o sistema universitario galego. A súa vixencia vai dende o 8 de xaneiro do 2016 até o 31 de decembro de 2020, ambos os anos inclusive.

b) Estrutura e evolución

No que refire á estrutura dos fondos e a súa previsible evolución, distínguese un financiamento estrutural e un financiamento por resultados (isto explícase con maior detalle no apartado terceiro).

c) Principios

Os principios en que se basea o PFSUG son a eficiencia, a suficiencia, a equidade institucional, o equilibrio orzamentario e a transparencia. Destaca, sobre todo a eficiencia.


d) Seguimento do Plan

Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor na repartición dos fondos vinculados ao plan de financiamento, establecerase unha comisión de seguimento. A derradeira reunión desta comisión de seguimento tivo lugar o día 21 de novembro de 2018. Nela aprobáronse as cifras dos diferentes fondos, tanto estrutural como de resultados, para cada unha das universidades galegas. Explícanse en detalle no apartado terceiro e ofrécese unha síntese no apartado cuarto.

2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña, sufriu unha deterioración moi notable dende o ano 2009. A pesar do incremento dos derradeiros anos, os orzamentos diminuíron un 10,52%, isto é, baixaron dende os 137,8 millóns de euros no ano 2009 até os 123,3 millóns no derradeiro orzamento aprobado que corresponde ao ano 2018 (véxase a figura 1). Estas limitacións orzamentarias continúan a afectar a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario, así como a todos os colectivos implicados como PDI, PAS e estudantes. Aínda que nos derradeiros anos se observa unha lixeira repunta no financiamento, hai que considerar que os gastos estruturais están crescendo ano a ano, feito que xa se puxo de manifesto no anterior exercicio económico 2018 onde os gastos correntes subiron de xeito notable. Esta universidade, como xa se explicou nos anteriores claustros, ademais de buscar fontes de financiamento de base cooperativa e colaborativa con outras institucións, está demandando un maior financiamento estrutural. No apartado seguinte vaise analizar polo miúdo os diferentes apartados do financiamento universitario.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2018



Fonte: Elaboración propia a partir de datos internos (2005-2010 e 2011-2018); datos en millóns de euros

3. ANÁLISE DA REPARTICIÓN DO FINANCIAMENTO DO PFSUG NO ANO 2019.

A principal fonte de financiamento do sistema universitario galego provén da Xunta de Galicia, motivo polo que se procede a explicar polo miúdo a súa evolución.

3.1 Repartición do fondo estrutural no ano 2019 e comparativa con respecto aos anteriores anos

3.1.1 Análise do custo estándar para o SUG

O ano pasado aprobouse un novo método de calculo do custo estándar que é o principal fondo de financiamento do sistema universitario galego. O novo método de cálculo xa non ten en conta a evolución dos alumnos, senón o cómputo dos créditos efectivamente matriculados e previamente auditados. Un ano máis, procedeuse a auditar os créditos matriculados, neste caso os correspondentes ao curso académico 2016/17. Este é o primeiro ano no que xa se teñen en conta os tres cursos académicos auditados (2014-15; 2015-16 e 2016-17). Como se pode observar a táboa 1, a tendencia nas tres universidades é decrecente. A redución da taxa demográfica e da duración dos graos está a influír dun xeito moi notable nesta evolución.

A contía de repartición que se fixa como punto de referencia ou orixe é de 266,76 M€(táboa 1). O importe que non chegase a ese máximo vai directamente ao subfondo do panel de indicadores, que está incluído no fondo de resultados. Para o cálculo do custo estándar debe terse en conta non só a media dos créditos matriculados e previamente auditados, senón tamén o prezo por crédito, que para este ano é de 95,8 €(93,6*2,375%). O incremento estableceuse nun 2,25% máis un 0,25% entre xullo e decembro –do que resulta un 0,125% anual– de ahí que resulte unha porcentaxe definitiva de 2,375%. Como se pode ver na táboa 1, a UDC consegue 752.556 créditos matriculados, do cal resulta un fondo estrutural máximo de 258,31 M€ Polo tanto, xérase unha diferenza de 8,45 M€ Esta contía vai incrementar o panel de indicadores tal e como se explica no apartado cuarto. No caso concreto da UDC o custo estándar alcanza un valor de 72,12 M€(táboa 1).

Táboa 1. Cálculo do custo estándar do ano 2019 (subfondo estrutural ano 2019)

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

* Ao aplicar o arredondamento nas centenas de miles hai unha lixeira diferenza

	Créditos Matriculados 2014/15	Créditos Matriculados 2015/16	Créditos Matriculados 2016/17	Media de créditos matriculados	Financiamento estrutural (Custo estándar ano 2019; datos en euros sen incremento do 2,375%)	Financiamento estrutural (Custo estándar ano 2019; datos en euros co incremento do 2,375%)	Financiamento estrutural (Custo estándar ano 2019; datos en euros co incremento do 2,375%)
UDC	761.499	763.323	732.847	752.556	70.439.241,60	72.117.473	72,12
USC	1.110.997	1.074.298	1.057.036	1.080.777	102.241.504,20	104.694.869	104,70
UVI	853.026	837.528	833.037	841.197	79.577.536,20	81.486.753	81,49
TOTAL					252.257.982,00	258.299.095	258,31*
FONDO ESTRUTURAL PARA REPARTIR						266.757.895	266,76
A RESULTADOS						8.458.800	8,45

Como se pode ver na táboa 2, non existen variacións significativas na evolución entre o ano 2018 e 2019, mais si con respecto ao período 2016-19, onde a UDC incrementa dende o 26,80% até o 27,92%.

Táboa 2. Evolución do custo estándar para as diferentes universidades do SUG no período 2016-19

	Ano 2016		Ano 2017		Ano 2018		Ano 2019	
	Custo estándar	Peso relativo	Custo estándar	Peso relativo	Custo estándar	Peso relativo	Custo estándar	Peso relativo
UDC	64,69	26,80%	66,38	27,88%	70,14	28,01%	70,44	27,92%
USC	98,93	40,98%	97,01	40,75%	101,62	40,59%	102,24	40,53%
UVI	77,79	32,22%	74,69	31,37%	78,61	31,40%	79,58	31,55%
	241,41	100%	238,08	100%	250,37	100%	252,26	100%

Fonte: Para poder facer unha comparativa, ofrécese datos sen os incrementos retributivos de aí que no ano 2019 figure 70,44 (sen incremento retributivo) fronte a 72,12 (con incremento retributivo do 2,375%)

Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (datos en millóns de euros (M€))

3.1.2 Resto de subfondos do fondo estrutural e evolución do fondo estrutural total (2016-2019)

Como se pode comprobar na táboa 3, existe unha mellora do financiamento estrutural no ano 2019 con respecto ao ano 2018 de 0,39 M€ No caso do SERGAS non hai variacións e no caso do INEF hai un lixeiro crecemento de 0,09 M€ O incremento do financiamento estrutural derivado da execución da sentenza é de 1,4 millóns de euros. Tal e como se explicou no anterior Claustro, esta contía debe aboarse nos anos 2018, 2019 e 2020.

Táboa 3. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural da UDC no período 2016 e 2019 (créditos iniciais)

FONDO	SUFONDO	2016	2017	2018	2019
FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL	Custo estándar	64,69	66,38	70,14	70,44
	RAM	1,20	1,10	1,07	1,07
	INEF Galicia	2,85	3,06	2,90	2,99
	SERGAS prazas vinculadas	1,01	1,01	0,93	0,93
	Recuperación paga extra		3,64	-	-
	Incremento de financiamento (execución sentenza)			1,40	1,40
	SUBTOTAL ESTRUCTURAL		69,75	75,19	76,44

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

Para facer posible a homoxeneidade da comparativa establécense os créditos iniciais sen incrementos retributivos. O incremento de financiamento derivado da execución da sentenza (1,4) figura como un concepto á parte e ese mesmo importe vaise repetir no ano 2020.

3.2. Análise do fondo de resultados

3.2.1 Variación do fondo de resultados para o SUG e análise da posición da UDC

Como se pode ver na táboa 4, no caso do fondo de complementos retributivos se produce unha mellora do financiamento con respecto ao ano 2019 e no conxunto do período evoluciona favorablemente crecendo dende un 23,28% no ano 2016 a un 24,11% no ano 2019. En termos absolutos a mellora neste subfondo é de 0,128 millóns de euros, que crece dende 6,477 millóns de euros no ano 2018 até 6,608 millóns no ano 2019. No período 2016-19 o crecemento ascende a 1,028 millóns de euros.

No caso do panel de indicadores prodúcese un incremento porcentual estatisticamente significativo, pois increméntase dende un 21,04% no ano 2016 até un 24,02% no ano 2019, o que supón unha taxa de crecemento do 2,98% no conxunto do período 2016-19 e case dous puntos porcentuais (1,93%) no período 2018-19. En termos absolutos mellora o seu financiamento en 2,385 millóns de euros no ano 2019 con respecto ao ano 2018.

Estes datos revelan un dato moi significativo: a Universidade da Coruña, no seu conxunto, está a mellorar o rendemento da actividade docente, investigadora e de transferencia. Neste sentido, a mellora da produción científica ou a realización dunha maior transferencia son indicadores que reforzan e potencian non só a capacidade de captación de fondos alleos como contratos de I+D ou actividade de transferencia. De feito, prodúcese unha mellora da capacidade competitiva da UDC no panel de indicadores de 1,93% no período 2018-19 e dun 2,98% no período 2016-19. Ao tratarse dunha repartición competitiva o que gaña unha universidade é a custa da perda das outras. Deste xeito, a UDC mostra unha senda de crecemento estable e robusta.

Táboa 4. Evolución do panel de indicadores e do subfondo dos complementos retributivos e compensación de matrículas correspondente ao Fondo de resultados no período 2016-2019

		Ano 2016		Ano 2017		Ano 2018		Ano 2019		Var 18/19**	Var 16/19**
		Contía	Peso	Contía	Peso	Contía	Peso	Contía	Peso		
UDC		11,60	21,04%	13,73	21,75%	14,03	22,09%	14,38	24,02%	+1,93%	+2,98%
USC	Subfondo Panel indicadores	24,28	44,03%	28,11	44,53%	28,60	45,02%	26,23	43,82%	-1,20%	-0,21%
UVIGO		19,26	34,93%	21,28	33,71%	20,89	32,89%	19,25	32,16%	-0,73%	-2,77%
		55,14	100%	63,12	100%	63,52	100%	59,86*	100%		
UDC	Subfondo complementos retributivos, compensación matrículas	5,58	23,28%	5,86	23,67%	6,48	24,25%	6,61	24,11%	-0,14%	+0,83%
USC		12,21	50,96%	12,13	48,99%	12,70	47,53%	13,02	47,50%	-0,03%	-3,46%
UVIGO		6,17	25,76%	6,77	27,34%	7,54	28,22%	7,78	28,39%	+0,17%	+2,63%
		23,96	100%	24,76	100%	26,72	100%	27,42	100%		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (non se inclúe o Consello Social porque é unha achega igual para as tres universidades)

* A contía inicial para repartir polo panel de indicadores é de 59,86 M€ Adicionalmente, vaise incrementar en 8,45 M€ como xa se explicou no anterior apartado. Polo tanto, a contía final para repartir é de 68,31 M€ A repartición desta contía pode verse na seguinte táboa (nese caso só se amosan os resultados para a UDC).

** Este cálculo faise para contrastar cal é a evolución de cada universidade no período 2018-19 e 2016-19. A variación porcentual do 1,93% para o período 2018-19 e do 2,98% para o período 2016-19 deben de coincidir coa variación porcentual do panel de indicadores en cada un dos períodos analizados (véxase a táboa 6).

Táboa 5. Variación en termos absolutos e relativos das diferentes compoñentes do financiamento por resultados entre o ano 2016 e 2019 para a UDC

	Concepto	2016	2017	2018	2019	Variación 18/19	Variación 16/19
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matriculas (Cap IV)	5,58 (23,28%)	5,86 (23,67%)	6,48 (24,25%)	6,608 (24,11%)	+0,128	+1,028
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Cap. IV)	0,20	0,20	0,20	0,206	0,006	0,006
	Panel de indicadores (Cap. IV e Cap. VII)	11,60 (21,04%)	13,73 (21,75%)	14,027 (22,09%)	16,412 (24,02%)	+2,385	+4,81
	SUBTOTAL FONDO RESULTADOS	17,38	19,79	20,71	23,224	+2,519	+5,844

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

As variacións son en termos absolutos.

A continuación, analizamos o panel de indicadores en detalle. Ao ter os datos de tres anos xa é posible facer unha análise máis pormenorizada dos diferentes indicadores de financiamento por resultados.

a) Indicadores da actividade investigadora

PGFU01 (Grupos de investigación) e PGFU02 (Captación de talento). Neste caso existe unha debilidade, xa que a puntuación alcanzada é relativamente baixa. Para o período 2016-19, prodúcese unha caída de 0,02% no indicador 2 e de 0,29% no indicador número 1. Neste caso a UDC lanzou o Programa InTalent e accións de apoio aos centros de investigación. Os resultados destes programas empezarán a ter impacto nos vindeiros anos polo que se espera que se consiga unha mellora neste indicador proximamente. Tamén se vai intentar facer máis fincapé na captación de persoal investigador tanto na categorías predoutoral como posdoutoral.

PGFU03 (Patentes e rexistros software). A Universidade da Coruña reduciра os seus resultados no ano 2018 con respecto ao ano 2017, mais recupérase neste ano mellorando un 0,72% no período 2018-19. Para o conxunto do período 2016-2019 prodúcese unha mellora do 0,89%, polo que se pode ratificar unha mellora que comeza a estabilizarse.

PGFU04 (Relación entre sexenios posibles e óptimos) e PGFU-07 (Teses de doutoramento defendidas). No primeiro caso prodúcese unha mellora escasa (+0,04%) para o conxunto do período 2016-19. No caso das teses de doutoramento defendidas, a tendencia foi positiva até o ano 2018 e prodúcese unha caída no último ano, se ben o resultado para conxunto do período é positivo (+0,04%).

PGFU-05 (Producción científica) e PGFU-06 (Visibilidade da produción científica). Este é un resultado que hai que salientar posto que neste caso a nosa comunidade universitaria está a incrementar tanto a produción científica (PGFU-05) como a súa visibilidade (PGFU-06) dun xeito constante e continuo. Así, como se pode ver na táboa 6, existen subidas significativas –por encima de 0,10 puntos porcentuais– nos dous indicadores polo que se pode concluír que existe unha mellora na capacidade de publicación dos nosos investigadores que se está a consolidar. Para o período 2016-19 prodúcese unha subida nestes dous indicadores (0,21% -PGFU-06- e 0,80% -PGFU-05-, respectivamente).

Táboa 6. Evolución do panel de indicadores no período 2016-19 para a UDC

Código	Descritor básico	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Var 18/19	Var 16/19
PGFU-01	Número de grupos de investigación	2,21%	2,00%	2,04%	1,92%	-0,12%	-0,29%
PGFU-02	Captación de talento investigador	2,07%	2,08%	1,88%	2,05%	+0,17%	-0,02%
PGFU-03	Patentes en explotación	1,37%	2,05%	1,54%	2,26%	+0,72%	+0,89%
PGFU-04	Relación entre sexenios posibles e óptimos	1,49%	1,55%	1,56%	1,53%	-0,03%	+0,04%
PGFU-05	Producción científica	2,45%	2,45%	2,56%	2,66%	+0,10%	+0,21%
PGFU-06	Visibilidade da produción científica	1,95%	1,97%	2,09%	2,75%	+0,66%	+0,80%
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	0,55%	0,61%	0,66%	0,59%	-0,07%	+0,04%
PGFU-08	Ingresos de investigación	3,13%	3,11%	3,50%	3,50%	+0,00%	+0,37%
PGFU-09	Proxectos nacionais e internacionais	1,20%	1,26%	1,35%	1,31%	-0,04%	+0,11%
PGFU-10	Alumnado de posgrao por graduado	2,61%	2,73%	2,88%	3,38%	+0,50%	+0,77%
PGFU-11	Taxa de graduación	1,85%	1,79%	1,84%	1,84%	+0,00%	-0,01%
PGFU-12	Alumnado estranxeiro matriculado	0,16%	0,16%	0,19%	0,23%	+0,04%	+0,07%
TOTAL		21,04%	21,75%	22,09%	24,02%	+1,93%*	+2,98%*

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados por IUNE, SIIU e Secretaría Xeral de Universidades

* O resultado da variación porcentual do panel de indicadores calculada no período 2018/19 e 2016/19 coincide coa variación porcentual calculada na táboa 4.

PGFU-08 (Ingresos por investigación) e PGFU-09 (Proxectos de investigación nacionais e internacionais). No caso dos proxectos de investigación (PGFU-09), a pesar da caída no último ano, a tendencia é positiva e destaca a subida en proxectos do Plan Nacional. Existe un incremento da actividade de transferencia realizada polos grupos de investigación o que permite manter unha tendencia positiva para o período 2016-19 dun 0,11%. O indicador PGFU-08 sobe no conxunto do período 2016-19 en 0,37%. Con base neste indicador é no que se xustifica un

incremento na captación de ingresos (capítulo III), feito que se explica no apartado sexto do documento.

b) Indicadores da actividade docente

PGFU-10 (Alumnado de posgrao por graduado), PGFU-11 (Taxa de graduación) e PGFU-12 (Alumnado estranxeiro matriculado). No eido da docencia pódese concluír que para o período 2016-19 existe unha mellora que se está a consolidar no caso de captación de alumnos do estranxeiro e dos alumnos que continúan a súa formación de posgrao en relación cos que se gradúan. En concreto, a mellora conxunta para os tres indicadores alcanza un total de 0,54% para o período 2018-19 e de 0,83% para o 2016-19. Destaca de xeito positivo a relación de alumnos de posgrao por grao. Así, a captación de alumnos de posgrao por alumnos de grao mellora nun 0,77% para o período 2016-19.

Ademais, a posta en marcha de novos mestrados ou dunha oferta máis atractiva dos actuais, dentro do Campus Industrial de Ferrol e dos Campus Sustentabilidade e Campus Innova na Coruña van permitir que esa diferenza poida incrementarse máis. Os mestrados en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización dos Videoxogos e en Deseño Industrial ou o novo grao en Xestión Industrial da Moda dentro do Campus Industrial, así como o Grao Interuniversitario de Paisaxe, o cal estaría enmarcado dentro do Campus Sustentabilidade, son moi bos exemplos da estratexia que se está a implantar. En resumo, pode observarse unha tendencia positiva na evolución dos indicadores de financiamento por resultados, o cal incrementa un 1,93% no período 2018-19 e un 2,98% no período 2016/19. Destacan os rexistros de sóftware (PGFU03), a visibilidade da produción científica (PGFU06), os ingresos por investigación (PGFU08) e o alumnado posgraduado por graduado (PGFU10).

4. SÍNTESE DAS PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG NO ANO 2019 E EVOLUCIÓN NO PERÍODO 2016-2019.

O incremento do financiamento estrutural débese á mellora no financiamento por crédito computable atribuído ao incremento retributivo (92€ no ano 2018 que se consolida en 93,6€ fronte a 95,8€ no ano 2019). O incremento no financiamento por resultados (panel de indicadores) tamén é importante, xa que incrementa 2,385 M€ Tamén se incrementa o financiamento do INEF en 0,89 M€ e os complementos retributivos incrementan en 0,131 M€

(na táboa 5 figura 0,128 M€ porque se traballan con unidades de millóns e neste caso ofrécese o valor ao céntimo). O resto de partidas non supoñen variacións significativas.

Táboa 7. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural e por resultados entre o ano 2016 e 2019

FONDO	SUBFONDO	2016	2017	2018	2019 sen incremento	2019 con incremento
FONDO ESTRUTURAL	Custo estándar	64.698.808,48	66.380.000,00	70.141.812,00	70.439.272,80	72.117.473,42
	RAM	1.203.069,90	1.124.688,90	1.067.923,81	1.067.162,81	1.067.162,81
	INEF Galicia	2.856.931,00	3.061.986,00	2.903.659,00	2.992.293,00	2.992.293,00
	SERGAS	1.012.333,00	1.012.333,00	933.502,00	933.502,00	933.502,00
	Incrementos financiamento estrutural	2.056.639,37	3.640.000,00	1.400.893,67	1.400.894,67	1.400.894,67
	Complementos retributivos e compensación por matrículas	5.579.348,32	5.862.119,94	6.477.849,35	6.608.742,73	6.608.742,73
FONDO RESULTADOS	Outros custos asociados ao ensino universitario	200.000,00	200.000,00	200.000,00	206.026 €	206.026 €
	Panel de indicadores	11.604.459,79	13.729.177,00	14.027.813,61	16.412.274,63	16.412.274,63
	Redución do financiamento por resultados		-482.895,98			
TOTAL		89.211.589,86	94.527.408,86	97.153.452,64	100.060.168,64	101.738.369,26

5. GRANDES LIÑAS DE INGRESOS E GASTOS DO ANO 2019

5.1 Liñas de ingresos e gastos do ano 2019

A continuación, preséntase a estimación das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2018, principalmente daquelas que teñen unha gran ponderación no orzamento final.

5.1.1 Estimación das partidas de ingresos para o ano 2019

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. No curso académico 2018/19 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías de grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio alcanza unha cifra de 16.831, a cal vai incrementarse xa que faltarían por contabilizar estudantes correspondentes ao segundo cuadrimestre. Adicionalmente, engádense os estudos propios de posgrao, títulos propios e da Universidade Sénior, que tamén se van a incrementar.

Táboa 8. Evolución da matrícula das diferentes categorías de alumnado

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19**
LRU	2.866	1.537	614	308	0
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914
DOCTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179
ERASMUS**	552	600	632	689	576
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463
ESTUDOS POSGRAO**	657	413	418	375	151
SÉNIOR**	663	806	879	954	940
TÍTULOS PROPIOS**	33	31	33	26	25
TOTAL	22.315	20.800	19.682	19.292	18.579

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus.

**Datos provisionais xa que falta aínda a matrícula do segundo cuadrimestre dos Erasmus, a matrícula Senior, e contabilizar os estudos de posgrao

Isto supón un total de 18.579 alumnos (táboa 8). Como se pode visualizar na táboa, na UDC, ao igual que ocorre no resto de universidades do SUG, estase a experimentar unha tendencia á baixa na matrícula dos estudantes. Ante a posibilidade de que non se modifiquen os prezos públicos para o seguinte curso académico, a estimación do ingreso por matrícula é conservadora. A estratexia desta universidade para reducir esta caída é a de impulsar novos títulos académicos vinculados aos campus de especialización. Tamén se pretende ampliar a oferta ao mercado iberoamericano onde destacan as accións en Colombia, República Dominicana e México, esta última en coordinación coas tres universidades do SUG. Ademais, preténdese incrementar a captación de alumnos de Europa a través de diferentes programas (p. ex.: Erasmus+). Outro dos conceptos son os ingresos por investigación. A estimación dos ingresos por estes conceptos (custos indirectos, facturación de servizos de investigación) e outros ingresos por prestación de servizos como alugueres, espazos para empresas, e actividades culturais ou deportivas estimase que pode alcanzar o valor de 3,24M€ Finalmente, tamén existen ingresos por servizos administrativos e ingresos diversos. En total, hai un valor final no capítulo III por valor de 16,949 M€—e que representa un 13,04%—, o cal é lixeiramente superior ao ano pasado (16,664 M€), o que supón un incremento do 1,71% (véxase a táboa 9).

Táboa 9. Evolución dos diferentes capítulos de ingresos no período 2016-2019 e variación porcentual no período 2018-19

Capítulo de ingresos	2016	2017	2018	2019	Peso	Variación 18/19
Capítulo III -Taxas, prezos públicos	15,35	16,354	16,664	16,949	13,04%	1,71%
Capítulo IV - Transferencias correntes	85,26	86,667	92,038	95,274	73,31%	3,52%
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,34	0,315	0,315	0,340	0,26%	7,94%
Capítulo VII - Transferencias de capital	14,89	15,620	13,689	16,714	12,86%	22,10%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,50	0,490	0,589	0,690	0,53%	17,11%
	116,321	119,446	123,295	129,967	100,00%	5,41%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €
(as porcentaxes ou pesos e variacións están calculadas sobre a contía con centenas e céntimos de €)

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes. A principal partida corresponde ao fondo estrutural que alcanza unha contía de 72,12 M€ Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF, as prazas vinculadas ao SERGAS e as transferencias por mecenado (Inditex). Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento con

respecto ao ano 2019 ao pasar de 92,038 M€ a 95,274 M€—e que representa un 73,31%—, o que supón un incremento dun 3,52% (véxase a táboa 9).

c) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Hai un incremento dun 7,94% respecto ao ano 2018, se ben a contía en termos absolutos (0,340M€) non é significativa no conxunto do orzamento. A súa importancia relativa non é significativa (0,26%).


d) Transferencias de capital (Capítulo VII)

Nestes momentos as transferencias por capital están por encima do ano anterior e experimentan un incremento dun 22,10%, ao pasaren de 13,689 M€ no ano 2018 a 16,714 M€ no ano 2019. As principais partidas deste apartado son proxectos de investigación (Xunta e MINECO), así como convenios. Ao igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do grant agreement. A contía final representa un 12,86%.

e) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Sen embargo, neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,690 M€ (véxase a figura 2), o que representa un 0,53% e supón un incremento dun 17,11%, se ben ese incremento non é significativo na cifra global do orzamento.

Figura 2. Proxección das principais partidas do orzamento de ingresos para o ano 2019



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figura o valor dos ingresos patrimoniais (0,340 M€), O total ascende a 129,967 M€

6.1.2 Estimación das partidas de gastos para o ano 2019

a) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 10, os gastos de persoal representan a porción máis importante do total dos gastos, un 74,19%. Nesta contía está contabilizado o incremento que poida experimentar de cara ao ano próximo, o cal se materializaría unha vez que se aproben os orzamentos do Estado ou se estableza a súa aprobación por medio dunha modificación orzamentaria. Estímase nunha contía de gastos de persoal de 96,421 millóns de euros, o cal se incrementa nun 4,58% con respecto ao ano 2018.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2019 experimentan unha subida do 6,22%, de modo que pasaron de 15,583 M€ a 16,553 M€. A pesar das medidas de aforro que se están a implantar, como a planificación progresiva da centralización do gasto (ex.: seguros), medidas de aforro enerxético ou mellora na xestión económica, estase a observar un incremento nos gastos xerais de funcionamento como seguridade, combustibles, canons, mantemento etc. Supón un 12,74% do total do gasto (véxase a táboa 10). Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros de gasto e conseguir, se for posible, a súa redución.

Táboa 10. Evolución dos diferentes capítulos de gastos no período 2016-19 e variación porcentual 2018/19

Capítulo de gastos	2016	2017	2018	2019	Peso	Variación 18/19
Capítulo I - Gastos de personal	88,38	90,293	92,201	96,421	74,19%	4,58%
Capítulo II - Gastos correntes	15,26	14,486	15,583	16,553	12,74%	6,22%
Capítulo III- Gastos financeiros	0,06	0,045	0,033	0,028	0,02%	-15,15%
Capítulo IV- Transferencias correntes	2,46	2,763	4,601	4,747	3,65%	3,17%
Capítulo V-Fondo de continxencia	0,25	0,250	0,350	0,350	0,27%	0,00%
Capítulo VI - Investimentos reais	9,16	11,059	9,977	11,318	8,71%	13,45%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,05	0,000	0,000	0,000	0,00%	0,00%
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,70	0,550	0,550	0,550	0,42%	0,00%
	116,321	119,446	123,295	129,967	100,00%	5,41%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €
(as porcentaxes ou pesos e variacións están calculadas sobre a contía con centenas e céntimos de €)

c) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un montante de 4,747 M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,65% e un incremento do 3,17%. É importante destacar o apoio que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudiantado como bolsas, residencias, programa de bono-bus, promoción das actividades culturais ou deportivas, mobilidade, etc.


d) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2019 nun 13,45% no que salienta o crecemento do investimento inmaterial. Estímase en 11,318 M€ o que representa un 8,71% do total do orzamento.

e) Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,028M€) o cal diminúe un 15,15%, e variacións de activos financeiros no cal practicamente non hai cambios, ao igual que ocorre no caso do pasivo financeiro (0,550 M€e participación dun 0,42%). Mantense o fondo de continxencia para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios (0,350 M€ o cal supón un 0,27%) que non varía respecto ao ano anterior.

Figura 3. Proxección das principais partidas de gastos para o ano 2019



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figuran os valores dos gastos financeiros (0,028 M€) e do fondo de continxencia (0,350 M€). O total ascende a 129,967 M€

6. TESOURARÍA E DEREITOS DE COBRO

6.1 Tesouraría

Continuamos suxeitos a un contexto orzamentario restritivo, o cal causou unha perda progresiva do remanente nos anteriores anos polo que fixo que as reservas do remanente de tesouraría sexan escasas. Este dato, unido ao feito de que unha parte dos ingresos, principalmente os derivados da matrícula, están concentrados na última parte do ano, fan que o nivel de tesouraría entre xuño e setembro sexa moderadamente baixo. Por outra banda, no próximo ano 2019 a UDC ten que facer fronte á licitación de equipamento científico-tecnolóxico procedente de fondos FEDER. Ademais, é previsible que se asinen convenios para o Campus Industrial de Ferrol e para os outros campus de especialización, feito que obriga a adiantar os fondos que non se recuperan até que o financiador certifica a materialización dese investimento. Por iso, esta universidade avaliará a necesidade de asinar unha póliza de tesouraría para facer fronte ás obrigas con provedores.

Destácase dun xeito positivo a capacidade de facer fronte ao incremento retributivo do 1,625% no ano 2018 (1,50% entre xaneiro e xuño e 1,75% entre xullo e decembro) sen que se recibise o ingreso até finais de novembro, así como o pagamento das infraestruturas FEDER correspondente á anualidade do ano 2016 e o pagamento de diferentes programas de investimento material e inmaterial, particularmente o realizado nos campus de especialización Innova, Sustentabilidade e Industrial de Ferrol. Ademais disto, destácanse os dereitos pendentes de cobro como o IVE soportado polo IVE de investigación dos anos 2012, 2013 e 2014. Este feito explicase a continuación.

6.2 Dereitos de cobro pendentes de aboamento: resumo do IVE soportado por Investigación para devolver

Neste momento a UDC ten dereitos de cobro pendente de materializarse correspondentes ao IVE 2012-2014, así como o correspondente ao exercicio 2018 que está a piques de finalizar.

IVE 2012

Existe un procedemento relativo ao imposto sobre o valor engadido, exercicio 2012 (devolución de IVE solicitado 612.493,71 euros, Acta A23. N.º Acta: 72350933 que se substancia ante o Tribunal Económico Administrativo Central). Atópase pendente de resolución. De acordo coa xurisprudencia previa, estimamos que se poida conseguir unha resolución favorable.

IVE 2013 e IVE 2014

As actuacións inspectoras desenvolvidas en concepto do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 (devolucións de IVE solicitadas de 506.694,95 e 786.951,85 euros, respectivamente) finalizaron coa sinatura de actas en desconformidade número A02 72536600 e A02 72557415 contra as que se interpuxo unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Rexional de Galicia, que se atopa pendente de resolver. Estimamos que se poida conseguir unha resolución favorable.

IVE 2016

Con data 5 de abril de 2017 recibíuse unha notificación de inicio de actuacións de comprobación e investigación respecto ao IVE do exercicio 2016. Tiveron que xustificarse numerosos conceptos de gasto como proxectos de docencia, pero que ao teren un carácter de investigación podería solicitarse a devolución dese importe do ive; a vinculación de bens de

departamentos ou centros procedentes de gastos de proxectos de investigación; actividades de difusión de proxectos europeos con actividades propias de investigación e outras. O resultado final foi recoñecido o pasado mes de abril, o cal ascende a un total de 489.876,25€

IVE 2017

En febreiro de 2018 recibíuse unha notificación de inicio de actuacións de comprobación e investigación respecto ao IVE do exercicio 2017. Foi necesario, ao igual que no caso anterior, revisar conceptos similares para determinar se procedía a devolución da contía solicitada. Finalmente, no mes de xullo estableceuse a acta de conformidade cun total de 744.266,99 euros.

7. EVOLUCIÓN DO PDI E PAS

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións financeiras fan que sexa necesario utilizar de forma efectiva e eficiente unha taxa de reposición do 100%, que se está respectando ao máximo. A utilización da taxa de reposición na oferta pública de emprego e a revisión da planificación docente son as ferramentas que permiten manter os procesos de estabilización e promoción dos distintos colectivos do PDI. Deste xeito, no próximo ano 2019 permítense a contratación de PDI funcionarios e laborais fixos en función da taxa de reposición correspondentes ao ano 2018. Tamén permite a cesión de tres prazas da taxa de reposición do Sergas, coa que se convocarían tres prazas de titular de universidade vinculadas, ademais de convocar tres cátedras de promoción interna.

Para o colectivo do PAS, a consolidación dos procesos de promoción interna e concursos de traslados, conciliados coa necesidade de conter o gasto en persoal –aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade–, permitirá desenvolver a carreira profesional do persoal de administración e servizos da UDC. Será necesario comezar a negociar unha nova RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións.

8. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN E IMPULSO DA INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Neste ano 2018 botaron a andar os campus de especialización para A Coruña como son o Campus Innova e o Campus Sustentabilidade. Para cada un deles seguíuse un itinerario específico. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas e liñas de especialización sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de

interese formativo ou académico. Deste xeito, preténdese implantar unha nova oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma.

O Campus Sustentabilidade presentouse o 26 de xuño de 2018, logo de varios eventos que abarcaron o ámbito da docencia, a investigación e a transferencia. No ámbito da docencia destaca o programa “Educando para a Sustentabilidade”, cunha vocación moi práctica e aplicada concretada en obradoiros, talleres, sesións formativas e que puido chegar a preto de 1000 asistentes. Tamén destaca o lanzamento do Grao Interuniversitario en Paisaxe, o cal xa está en marcha dende setembro do ano 2018 no campus de Lugo da USC. No ámbito da investigación e transferencia destacan as xornadas que tiveron lugar os días 15 e 30 de maio por relatores internacionais das universidades de Rutgers, Bath e de Rotterdam. Tamén destaca a organización do simposio europeo titulado “Transformación das cidades e mellora do benestar nas cidades a través da innovación baseadas na natureza” que se desenvolveu os días 16-18 de maio.

O Campus Innova presentouse recentemente, en concreto o pasado 16 de novembro, e contou coa presenza do presidente da Xunta de Galicia. Relativas a el salientan as xornadas de innovación social e tecnolóxica celebradas no Campus Industrial (24 de outubro de 2018) e no CITIC (25 de outubro de 2018). No ámbito da investigación e transferencia destaca a consecución dunha nova agrupación estratéxica para o CITEEC, a renovación do CICA-INIBIC e o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións.

No caso do Campus de Ferrol estreouse o grao en Moda, para o cal se esgotaron as prazas no primeiro día da oferta de matrícula. Simultaneamente, cabe destacar o lanzamento do Mestrado en Videoxogos e de Deseño Industrial para este curso académico 2018-19. Continúase a traballar en programas dirixidos á ampliar a súa oferta académica con novos graos como o Grao Dual en Enxeñaría Eléctrica, o Mestrado en Moda e o de Informática Industrial e Robótica. Tamén se impulsou a creación dunha agrupación de investigación para o Campus Industrial nas áreas da robótica, os materiais e os sistemas de fabricación aditiva, que constitúen os piares da industria 4.0, a cal ten un gran potencial de crecemento para os vindeiros anos. Así mesmo, estase a preparar un programa de monitorización de eficiencia enerxética.

9. PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE

Na comisión de seguimento, reunida o 20 de xullo do 2017, o secretario xeral de Universidades propuxo a adopción de diferentes medidas da mellora da calidade do sistema universitario galego, que está incluído no subfondo denominado “Fomento da I+D+i e da transferencia”. A axuda concreouse en tres accións diferentes. Os tres programas son o impulso de graos interuniversitarios, os graos bilingües e a mellora nas clasificacións internacionais. Nos tres programas establecíanse os obxectivos e indicadores. Nos tres casos a Universidade da Coruña cumpriu os obxectivos nos tres programas. Para o ano 2019 estes programas seguirán vixentes e vanse continuar promovendo, máis se cabe, as accións asociadas aos devanditos programas. A seguir, resumimos os resultados acadados.

En primeiro lugar, a UDC, en colaboración coa USC, xestionou dende a Vicerreitoría de Organización Académica e Innovación Docente o grao en Paisaxe para o actual curso académico 2018/19. Este grao comezou a súa actividade en setembro deste ano na Universidade de Santiago de Compostela, cumprindo deste xeito o obxectivo previsto.

En segundo lugar, para os graos en inglés, estableceuse como indicadores de cumprimento unha porcentaxe de créditos obrigatorios do título impartidos en inglés (80%) e un mínimo de alumnado do grupo en primeiro curso como é de 20. Neste caso, o programa foi liderado pola Vicerreitoría de Internacionalización. Tamén se conseguiu ese obxectivo.

Finalmente, en terceiro lugar, destaca a mellora nos *rankings* internacionais, o cal se xestionou dende a Reitoría e a Vicerreitoría de Economía. Neste caso, o que se exige é a mellora prevista nun indicador e ranking dalgún dos principais ranking internacionais: Academic Ranking of World Universities (ARWU), Times Higher Education (THE) e QS World University Rankings. A proposta da Universidade da Coruña foi a mellora no segundo deles THE. Como se pode ver na táboa 11, o obxectivo foi mellorar unha determinada porcentaxe en, ao menos, nun dos indicadores, e apréciase que a tendencia é positiva nos cinco indicadores. A UDC escolleu o indicador da Educación. Neste indicador prodúcese unha mellora superior á prevista que era acadar unha mellora do 3%. En concreto, prodúcese unha mellora do 15,92%.

Táboa 11. Puntuacións nos diferentes indicadores do ranking THE para os anos 2016, 2017, 2018 e resultados conseguidos para 2019

Indicador	2016 (Puntuación en valor absoluto)	2017 (Puntuación en valor absoluto)	2018 (Puntuación en valor absoluto)	2019 (obxectivo de mellora. Puntuación en Valor Absoluto e relativo)	2019 (resultado conseguido)	Variación 2018/2019 Incremento porcentual conseguido
Educación	18,3	17,6	19,1	19,67 (Incremento dun 3%)	22,8	15,92% (v)
Investigación	10,0	10,9	11,2	11,2 (Manter)	12,4	10,71% (v)
Citas	16,6	23,7	23,7	23,7 (Manter)	26,1	10,13% (v)
Transferencia coa empresa	38,2	35,5	34,3	34,3 (Manter)	35,6	3,79% (v)
Proxección internacional	23,4	27,3	30,6	31,12 (incremento do 1%)	30,9	0,98%

10. PROGRAMAS DE AFORRO E MELLORA DA XESTIÓN ECONÓMICA

Temos implantados tres programas importantes de aforro: a eficiencia enerxética, a compra pública centralizada e un programa de control de ingresos. No que se refire ao primeiro, este abarca o consumo de enerxía eléctrica, gas e os combustibles e está reforzado por un programa de educación para a sustentabilidade xestionado directamente pola Oficina de Medio Ambiente.

a) Política de eficiencia enerxética

Dentro deste programa destacan dúas liñas de actuación: a compra de enerxía eléctrica e a compra centralizada de combustibles. A compra de enerxía eléctrica está a dar moi bos resultados. Actualmente, estase a aplicar en tres centros: Filoloxía, Informática e o Edificio de Servicios Centrais para a Investigación. Este programa está sendo moi eficaz e actualmente xa se logrou un aforro acumulado de 94.780,24€, cunha proxección de 110.000€ a final de ano.

Táboa 12. Aforro acumulado derivado da compra de enerxía eléctrica dende xaneiro a setembro 2018

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
TOTAL A FACTURAR	50.069,00	47.000,00	50.330,00	50.267,48	50.200,00	48.910,92	45.890,10	46.020,35	50.303,89
PAGO SIN COMERCIALIZADORA	38.000,00	35.000,00	37.600,00	36.736,44	37.000,00	39.329,33	38.489,87	37.628,93	44.426,93
AFORRO	12.069,00	12.000,00	12.730,00	13.531,04	13.200,00	9.581,59	7400,23	8391,42	5876,96
AFORRO ACUMULADO	12.069,00	24.069,00	36.799,00	50.330,04	63.530,04	73.111,63	80.511,86	88.903,28	94.780,24

Adicionalmente, preténdese avanzar na adhesión á rede Redexga no resto de centros, o cal pode supoñer un aforro anual de 125.315€ Ademais, procederemos á compra centralizada do gas e

dos combustibles. Un resumo do aforro esperado pode verse na táboa 13. O aforro total pode alcanzar a cifra de 270.000€

Táboa 13. Estimación do aforro coa adhesión a Redexga, a compra en gas e a compra de combustible

Aforro derivado da adhesión a rede Redexga para subministro de enerxía eléctrica			Aforro derivado da adhesión a CSUC para a compra de gas			Aforro derivado da adhesión a Redexga para a compra de combustible	
Custo anual en todos os centros salvo pool (1)	Adhesión a REDEXGA (2)	Aforro anual esperado (2)-(1)	Compra actual de gas (3)	Compra centralizada (4)	Aforro anual esperado (4)-(3)	Compra de combustible anual (en litros)	Aforro previsto (0,02€/litro)
1.315.383,66€	1.190.068,09€	125.315,57€	145.453,88	130.537,36	14.916,52	741.862,00	14.837,24

b) Compra centralizada e contratos de adhesión

Ademais da compra centralizada de combustibles e gas, tamén imos avanzar na xestión da compra ou adquisición de bens por medio da adhesión á compra centralizada ou acordos marco. Este ano fíxose a primeira compra a través deste procedemento que supuxo, ademais da redución do custo económico, unha redución dos custos de tempo e administrativos que supoñen facer a licitación.

c) Control de ingresos e mellora da xestión económica

Tamén se están implantando procedementos para o control de ingresos e a xestión dos dereitos de cobro, os cales poden permitir mellorar a tesouraría. Igualmente, quere avanzarse na contabilidade analítica e discriminar deste xeito os custos reais vinculados a cada centro ou unidade de gasto. Este ano tamén se avanzou no proceso de valoración de bens inmoables. O do campus de Esteiro e a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física realizouse no primeiro semestre, mentres que A Zapateira e Elviña se producirá no segundo semestre.

11. CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se derivan deste documento e que marcarán o desenvolvemento do orzamento do ano 2019 son as seguintes:

1) Contexto de restrición orzamentaria

Continúase nun contexto orzamentario restritivo, xa que o orzamento está por debaixo dos niveis anteriores á crise económica. Este feito limita a realización de actuacións importantes de investimento en capital.

2) Mellora do financiamento estrutural

O fondo estrutural pasou dos 70,14 M€ aos 72,12 M€, mais este incremento vai dirixido integralmente a sufragar o incremento dos custos de persoal para o ano 2019. Ademais, existe unha dotación adicional para compensar a perda de financiamento como consecuencia deste incremento retributivo.

3) Mellora do peso relativo ou ponderación no financiamento por resultados

Existe unha mellora na ponderación do subfondo dos complementos retributivos e no panel de indicadores. No caso do panel de indicadores, este crece do 21,04%, a principios de 2016, até 24,02% para o próximo ano 2019. En termos absolutos, ascende dos 11,60 M€ a 16,41 M€. Este dato indica que a Universidade da Coruña está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia.

4) Incremento do gasto en persoal (capítulo I), dos gastos correntes (capítulo II) e mantemento das transferencias correntes (capítulo IV)

O capítulo I incrementase nun 4,58%, até alcanzar unha contía de 96,421 M€. Esta cifra considera o incremento do 2,375% dos soldos e salarios para o ano 2019. Tamén se incrementan os gastos correntes como son os mantementos, a seguridade, os combustibles, a xardinaría etc. En total, os gastos correntes ascenden a 16,553 M€ (incrementáanse un 6,22%) mentres que as transferencias correntes se manteñen no nivel dos 4,7 M€. Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros de gasto e conseguir, se for posible, a súa redución.

5) Posta en marcha dos campus de especialización

Presentáronse o Campus Innova e o Campus Sustentabilidade cuxas grandes liñas de especialización, tanto de investigación como de transferencia, xa están definidas. Por medio destes campus inténtase dar unha mellor oferta académica e mellorar a súa transferencia de coñecemento.

6) Impulso da investigación e da transferencia

No ámbito da investigación e transferencia destaca a consecución dunha nova agrupación estratéxica para o CITEEC e a renovación do CICA-INIBIC, e mais o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións. O obxectivo de cara a 2019 é consolidar esta traxectoria e seguir impulsando a creación dunha agrupación de investigación para o Campus Industrial de Ferrol.

7) Programa de mellora da calidade

Conseguiuse lanzar o primeiro grao interuniversitario no SUG por medio do grao en Paisaxe que comezou no campus de Lugo da USC e continuará na Coruña nos cursos terceiro e cuarto; acadouse a mellora nos graos con docencia en inglés; e mellorouse a posición nos *rankings* internacionais. Vaise afondar no desempeño destes plans de acción de cara ao curso 2019-20.

8) Políticas de aforro e mellora da xestión económica

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como a compra de enerxía, a adhesión a centrais de compra, a xestión do IVE de investigación e un maior control de ingresos ou dos dereitos de cobro.

9) Equilibrio orzamentario

O equilibrio orzamentario sitúase no nivel dos 129,967 millóns. O balance do exercicio económico do ano 2019 presenta un escenario no que se está a producir un lixeiro incremento nos ingresos correspondentes ao capítulo III, unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV) no que se inclúe a mellora do financiamento estrutural. Para facer fronte a determinadas actuacións, caso dos programas de eficiencia enerxética, ou continuar con políticas de aforro, é necesario realizar investimentos en capital os cales permitirán a medio prazo axudar a reducir os gastos correntes.